



XUNTA  
DE GALICIA

INSTITUTO EDUCACIÓN  
SECUNDARIA  
ANTÓN ALONSO RÍOS



FONDO SOCIAL EUROPEO  
"O FSE invirte no teu futuro"

UNIÓN EUROPEA

# PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO. CURSO: 2023-24

## IES ANTÓN ALONSO RÍOS



A formación permanente do profesorado é un dos obxectivos fundamentais no Plan Anual do curso 2023-24. Enténdese que o profesorado terá que ser un motor esencial na mellora do funcionamento do centro, é por iso que a súa formación deberá preparalos para atender a novos retos. Deste xeito, no Plan Anual defínense diversas liñas de actuación e actuacións concretas que se relacionan de maneira específica coa mellora da formación do profesorado:

<b>Obxectivo 1. Establecer liñas de actuación que permitan fomentar a mellora dos resultados académicos a partir de cambios nas liñas metodolóxicas na ESO e Bacharelato</b>	
Liña de Actuación 1.2. Introducir cambios na metodoloxía didáctica, apostando por métodos de aprendizaxe activos e polo desenvolvemento de actividades e proxectos interdisciplinares	Actuacións: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Solicitud dun PFPP para a formación de metodoloxías didácticas activas.</li> <li>• Solicitud dun PFPP para a formación en recursos didácticos do centro e o seu aproveitamento: E-Dixgal e Polos Creativos</li> </ul>
<b>Obxectivo 5. Fomentar a educación emocional como parte esencial a ter en conta no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado</b>	
Liña de Actuación 5.1. Aumentar a formación e as estratexias do profesorado na educación emocional	Actuación: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Solicitud dun PFPP centrado na educación emocional</li> </ul>

Neste marco establécese un **Programa de Formación Permanente do Profesorado para o IES Antón Alonso Ríos** que terá unha duración de catro cursos escolares. Nesta formación, cabe ter en conta que o centro se atopa nun proceso de cambio, onde conviven multitude de metodoloxías, dentro das cales as vinculadas ao traballo cooperativo e interdisciplinar deberán de crecer en importancia, por iso resulta relevante afondar neste eido, sen desterrar metodoloxías tradicionais baseadas na memorización comprensiva e analítica. Ademais, aprécianse situacións emocionais entre o alumnado moi complicadas polo que é inevitable afondar en iniciativas que axuden a melloralas. A maiores, é necesario continuar con actuacións comenzadas anos atrás no centro que buscan dinamizar os recursos da Biblioteca ou dos Polos creativos e que están resultando moi interesantes para o alumnado.

Para o curso 2023-24 a formación centrarase nas liñas de traballo da **Competencia Didáctica e na Competencia en Educación Inclusiva e Coeducación** onde se definen cinco itinerarios e/ou grupos de traballo nos que participarán 44 docentes. Especificanse as liñas a continuación:

<b>Liña de traballo: Competencia Didáctica</b>
Itinerario: Polo Creativo



Objetivos	Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>Organizar e adaptar os espazos do centro para facer posible un novo enfoque metodolóxico, baseado na investigación e na experimentación.</li> <li>Deseñar accións encamiñadas a desenvolver a capacidade do alumnado para regular a súa propia aprendizaxe, potenciar a súa creatividade e iniciativa persoal.</li> <li>Dinamizar e coordinar o traballo en equipo para a resolución de problemas reais.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Manexo técnico, coidado e mantemento do equipamento do Polo</li> <li>Execución do proxecto do Polo</li> <li>Roles e modelos pedagóxicos</li> </ul>
Itinerario: Metodoloxías didácticas: Colaboración e xestión de grupo	
Objetivos	Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>Adquirir un coñecemento teórico e práctico sobre os principios e fundamentos da aprendizaxe cooperativa en condicións de inclusión.</li> <li>Analizar os diferentes ámbitos de intervención nos que se estrutura a aprendizaxe cooperativa.</li> <li>Empregar estratexias para estruturar a actividade da aula de forma cooperativa.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Principios e fundamentos da aprendizaxe cooperativa</li> <li>Programa CA/AC. Ámbitos de intervención</li> <li>A cohesión de grupo</li> <li>O traballo en equipo como recurso para ensinar e aprender</li> <li>O traballo en equipo como contido a ensinar</li> </ul>
Itinerario: Metodoloxías activas: Deseño de propostas didácticas inclusivas e colaborativas	
Objetivos	Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>Potenciar o uso de metodoloxías activas que fagan posible a atención á diversidade e á interdisciplinariedade.</li> <li>Prover aos docentes dos mecanismos necesarios para levar a cabo unha transformación didáctica, acorde ás necesidades do centro, así como para integrala no proxecto educativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>Aprendizaxe socio-emocional</li> <li>Traballo cooperativo</li> <li>Autonomía</li> </ul>
Itinerario: Lectura, escritura e tratamento da información	
Objetivos	Contidos



<ul style="list-style-type: none"> <li>• Integrar, a través da radio, as diferentes áreas do currículo escolar coa finalidade.</li> <li>• Acadar unha aprendizaxe significativa e o desenvolvemento das competencias básicas.</li> <li>• Favorecer o traballo cooperativo e integrador dos membros participantes</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Uso da radio: aspectos técnicos e didácticos.</li> <li>• Mellora da produción oral e escrita</li> </ul>
<b>Liña de traballo: Competencia en Educación Inclusiva e Coeducación</b>	
Itinerario: Convivencia escolar e coeducación. Benestar emocional	
Obxectivos	Contidos
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Formar ao profesorado na adquisición de estratexias e dinámicas dirixidas ao coidado das persoas, das relacións, cara a unha convivencia pacífica, segura e saudable.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Benestar emocional</li> <li>• Convivencia positiva</li> <li>• Coeducación e hábitos de vida saudables</li> </ul>